



 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES de MUGARDOS



HISTORIAS FAMILIARES PARA APRENDER

INTRODUCCIÓN: CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

No confín da Costa Ártabra, no extremo oeste da península de Bezoucos, atópase a sobria construción que alberga o IES de Mugardos, un centro público da área metropolitana de Ferrol-Terra, no que conviven e se forman mozos e mozas dos concellos de Ares e Mugardos. Dende alí inician unha ilusionante andadura polo extenso mar de áxiles ondas invisibles, andaina que permitirá dar a coñocer os seus proxectos e compartir experiencias educativas nun centro que ten como obxectivo primordial conseguir a formación do alumnado no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio de tolerancia e respecto.

A EMIGRACIÓN E OUTRAS VIAXES



OBXECTIVOS E PROCEDEMENTOS

A idea principal partiu nun principio dunha profesora do departamento de lingua galega á que se sumou outra do de inglés co obxectivo de que fose calando no resto do profesorado do Centro.

O **obxectivo fundamental** consistía en explicar os prexuízos lingüísticos sobre a lingua galega da sociedade mugardesa e, en particular, da súa xuventude, e recuperar a memoria histórica dos seus familiares, memoria que contribúe a coñecerse mellor cada quen e a coñecer mellor o seu entorno. Queríamos demostrar que a familia tamén forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe se lle damos protagonismo, se deixamos que participen na vida escolar achegando as súas experiencias de xeito directo e integrándoos para traballar entre iguais.

Esta experiencia educativa estase a levar a cabo este curso 2009-2010 nos niveis de 3º e 4º da ESO na área de lingua galega coa colaboración dos alumnos de inglés de bacharelato, partindo da idea de que moitos dos personaxes públicos e famosos que coñecemos foron emigrantes ou proveñen de familias emigrantes como por exemplo o portugués José Saramago, premio Nóbel de literatura .

Primeiramente escolléronse unha serie de personaxes de renome e logo cada alumno/a, ou en pequenos grupos, investigou o pasado e presente dese personaxe do que recolleron información, fotografías, etc, descubriendo que unha boa parte deles estaban relacionados coa emigración a través dos seus ascendentes familiares ou directamente eles mesmos. Con iso fixeron unha **exposición** de carteis polas escaleiras e corredores do Centro para compartila cos demais compañeiros. Este ano realizaron carteis con información e fotografías de 51 personaxes famosos que tiveron que ver con este mundo da emigración.

Por outra banda, o alumnado de 3º e 4º da ESO (14 e 15 anos) **investigou no pasado das súas familias** realizando entrevistas aos seus ascendentes e descubriendo que en case todas as casas había alguén que se vira obrigado a emigrar, e mesmo nalgún caso, obrigado a exiliarse; obrigado polo pasado de miseria dos seus devanceiros, pasado do que tentan fuxir e esquecer. Este coñecemento tamén se leva a cabo permitindo que os pais ou avós veñan ao centro a contarlle ao alumnado as súas vivencias, vivencias que permiten coñecer tamén os problemas da comunidade e do seu entorno.

Todo isto reflíctese a través desa maleta ou das historias que escribiron os alumnos dalgún dos seus devanceiros contando as causas da marcha e a vida que esta xente levou na emigración, e comprobamos tamén como se integraron na sociedade

cando voltaron ao seu país, o noso. Estas narracións van acompañadas de fotografías significativas do que supuxo este abandono da terra e da familia. A mosan as realidades e os sufrimentos máis crus da vida, como era a separación dos seres queridos e a fuxida cara a un mundo descoñecido.

CONCLUSIÓNS E FACTORES DE ÉXITO

O pasado dos famosos investigados axudou a coñecer a historia da xente que nos rodea, e a comprender que a dos familiares destes alumnos non foi moi distinta; contribuiu tamén a aprender do pasado para evitar que se repitan os erros cometidos.

O coñecemento da historia dos seus devanceiros evidenciou tamén que as familias teñen moitas cousas que achegar ao proceso de ensino-aprendizaxe e que desempeñan un papel importante no mesmo se lles damos cabida. Este proxecto permitiulles tamén coñecer algún dos problemas do entorno do seu alumnado e reprogramar algunha actividade nas súas aulas combinándoas coas do currículo.

Por outra banda, este proxecto puxo de manifesto que a maior parte dos prexuízos lingüísticos sobre a lingua galega e o seu abandono están relacionados coa fuxida dese pasado miserento e hostil que os identificaba e do que agora se avergoñan e, polo tanto, intentan esquecer.

De aí que a maioría da xente desta vila, e sobre todo os xoves, non utilicen a lingua galega habitualmente.



MATERIAIS ELABORADOS:

EU SON...


Unha maleta retornada. Si, non son unha Samsonite, é certo, nin tampouco unha desas que regalan os bancos... nin falta que me fai: eu fun unha verdadeira maleta da emigración.

Tiven máis sorte ca outras: cargada de soños, regalos e outras cousas, volvíñ do Brasil, concretamente do Río de Janeiro, no ano 1971, cando algún de nós aínda non nacera.

Se estou agora aquí é porque pretendo recuperar para todos nós a memoria dos nosos emigrantes viaxados (que tamén os hai que emigran cara a si mesmos, pero a eses non os incluímos, polo de agora!).

Podes ir e vir onda min, mirarme, lerme, pensar, preguntar na casa, aos coñecidos... e axudar a encherme cos obxectos ou as historias que nos leven de volta a ese mundo de ilusións e de frustración polo que pasaron moitos dos nosos.

PORQUE TI... DE QUEN VÉS SENDO?



O home que aparece na foto era o meu tío-avó Andrés . Naceu en 1892 e morreu en 1987, en Cabanas, de onde procedía súa nai, Amparo. Seu pai nacera en Pontevedra, chamábase Elías e era canteiro.


Precisamente porque el non quería seguir coa profesión do pai, escapou da casa e emigrou a Norteamérica. Alí tivo diversos traballos: limpabotas, pinche de cociña etc.

Non tivo muller nin fillos. Á súa familia mandáballe diñeiro e fotos; esta en concreto foi feita en Nova York.

Volveu a Galicia en 1965 e cobrou o seu retiro en dólares, pois tiña nacionalidade americana.

Sempre lles dicía aos seus sobriños que contratara alá o seu enterro, con seis cabalos brancos guiando unha carroza. Non preveu que acabaría morrendo aquí!

Eduardo Fernández Pérez



O meu bisavó Johannes Storm non foi exactamente un emigrante. Quizais esta historia conte unha vida triste, aínda que ao final...

Naceu a finais do século XIX, no seo dunha familia de clase media, cun pai médico e dúas irmás que morreron dun linfoma. Iso xa foi un golpe duro para el, pero con 17 anos tamén morreu súa nai (dun cancro de útero).


Licenciouse en Medicina na Universidade de Rotterdam e fundou unha familia con Enrika Breckeismans, coa cal tivo dúas fillas, Villalmina e Hella.

Pero logo foi capturado polos nazis e levado a un campo de concentración en Austria, do que fuxiría para regresar a Holanda... camiñando!

Aínda que sobreviviu, non foi moita a sorte, pois chegou desnutrido e cego e

só puido estar dous anos máis coa súa familia, ata a súa morte.

Alexandra Kuntz Peiteado



Esta foto é de cando meu pai tivo que emigrar a Suíza para axudar aos seus, porque eran moitos irmáns e el era dos maiores.

Non o pasou nada ben porque tiña 14 anos e ao chegar alí encontrouse con que súa tía, coa que ía vivir, non tiña sitio para el; ademais, non podía ter contrato de traballo porque non tiña a idade suficiente.

Durante catro anos durmiu nos bancos da estación do tren porque ía traballando do que atopaba e non tiña diñeiro suficiente para pagar un aloxamento.

Cando cumpriu os 18 xa lle fixeron un contrato e aos 21, volveu.

Carmela Payo Varela



Este é o meu bisavó César,
que tivo un pasado moi duro.

Con 14 anos viuse
obrigado a emigrar a Uruguay co
seu pai para traballar na
agricultura. A súa idea dende
sempre foi volver a España, a
Galiza.

Cando tivo oportunidade,
volveu e instalouse en Vigo, na
Guía, onde formou unha familia.
Traballou nos estaleiros e alí
meteou ao seu fillo, meu avó; co
diñeiro que gañaron fixeron
unha casa para este. El tivo oito
fillos, entre eles a miña nai.

O meu bisavó morreu
cando nacín eu: non o cheguei a
coñecer, pero teño a imaxe de
que era moi traballador e
responsable.

David Romero Millos

